

## ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN

O neno ou a nena, durante os primeiros días de asistencia ao coleixio vai sufrir unha serie de cambios. Debemos ter en conta que pasa de estar nun medio no que el é o principal e único protagonista, a outro, no que vai ter que convivir, relacionarse e compartir cos seus iguais. Ademais ten que incorporarse a un novo ambiente onde persoas, espazos e materiais son descoñecidos para el.

Os nenos/as que se vaian incorporar por primeira vez ao centro no 4º nivel de Educación Infantil deberán ter en conta as seguintes suxestións:

- Deberán estar acostumbrados a ir ao baño sos, a comer, a vestirse,...
- Deberán saber aceptar certas normas fundamentais na familia, para que na escola estas non sexan motivo de desgusto.
- Ir acostumándose a estar separados do pai/mái; por unhas horas, na casa de familiares ou amigos, sen sentirse abandonado. Así non terá ese sentimento ao quedar unhas horas na escola.
- Se estivo antes escolarizado na gardería; falarlle de que vai a cambiar e do porqué, e animalos.
- Os primeiros días deixarles traer o seu xoguete favorito, para axudarlles a sentirse máis seguros; e facer as cousas sen présas, con tempo.
- Se chora e non quere entrar, tranquilizádeos e deixádeos o antes posible, porque senón a negativa e o rexeite pode ir en aumento.



C.E.I.P.

A.D.R. CASTELAO



*Educación Infantil*



*Educación Primaria*



XUNTA DE GALICIA

C.E.I.P. A.D.R. CASTELAO

R/ Rosalía de Castro nº12

Rianxo C.P. 15920

A Coruña - España

Teléfono: (986) 860252

Fax: (986) 860508

<http://centros.edu.xunta.es/ceiprodriquezcastelao>

[ceip.castelao.rianxo@edu.xunta.es](mailto:ceip.castelao.rianxo@edu.xunta.es)